



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/39	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	4 de novembro de 2019
Duración	Desde as 12:35 ata as 13:00 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***3446**	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	NON
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 6255/2019. Solicitud de adquisición de nicho no cemiterio de Coiro

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da alcaldía de data 28.10.2019, referente a solicitude de nicho do cemiterio de Coiro, que é como segue:

"Visto o escrito presentado por Dna. I.A.C., con enderezo en Camiño da Fontaiña n.º X.-Moaña, no que solicita a adquisición de 4 nichos no cemiterio de Coiro, e dadas as indicacións do enterrador municipal no que manifesta que a ubicación será no Bloque E, N.º 8-LETRAS -A-B-C-D, por tal motivo esta Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adxudicación do nicho a Dna. I.A.C."

Expediente 6095/2019. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por "Construcciones y Promociones Rodeiriña SL", en demanda de substitución do sinal de pasaxe permanente por roubo na Avenida Jose María Castroviejo, nº X en Coiro.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 30.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Por parte de esta policía no existe inconveniente en acceder ao solicitado, xa que se comproba como no lugar indicado non existe sinal de pasaxe permanente"

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por "Construcciones y Promociones Rodeiriña SL", para substitución de sinalización de pasaxe permanente na Avenida Jose María Castroviejo, nº X en Coiro.

Expediente 6283/2019. Solicitud de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por L.F.L., en demanda de autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente na entrada da propiedade sita en estrada Bueu en Vilariño, nº X-Aldán.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 29.10.2019 pola policía local, no que se



indica o seguinte:

"...Por parte de esta policía no existe inconveniente en acceder a lo solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por L.F.L., para instalación de sinal de pasaxe permanente en estrada Bueu en Vilariño, nº X-Aldán.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 6077/2019. Solicitude de sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.G.P. na que demanda a colocación de pasaxe permanente para a súa propiedade sita en estrada de Darbo ao Viso, nº X.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 30.10.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Por parte desta policía non existe inconveniente en acceder ao solicitado, se ben o titular da vía pertence á Xunta de Galicia".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada por A.G.P., para sinalización de pasaxe permanente en estrada de Darbo ao Viso, nº X.

Expediente 5199/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5199/2018.- Outorgar a A.C.R., con enderezo na Avda. de Bueu, nºX-Cangas, licenza de obras para no lugar de Camiño de Cima de Vila-Darbo, regulado pola ordenanza de aplicación SNUA (11), a construción de unha vivenda unifamiliar de 125,45 m2., de semisoto, 120,29 m2., de planta baixa, 53,92 m2., de terrazas, 15,30 m2., de edificación adxectiva, piscina de 21,00 m2., 169,18 m2., de muro de contención e 19,12 ml., de cerramento (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado pola arquitecta M.T.F.I., de data abril de 2019 e as condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 3 de xuño de 2019 e de Patrimonio de data 15 de outubro de 2019. A licenza outorgarase condicionada a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos



núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento oitenta e seis mil seiscientos euros (186.600,00 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 26 de xuño de 2018, perante a notaria A.T.C.P., por unha superficie de 147,51 m²., e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositado en Banco Santander, por importe de setecentos vinte e un euros con trinta e un céntimos (721,31 €) de data 25 de outubro de 2019.

Expediente 6271/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 6271/2018.- Outorgar a A.A.T., con enderezo en Areacova, n° X-Espiñeira-Aldán, licenza de obras para a construción de edificación anexa a garaxe nunha superficie de 42,45 m²., e unha piscina de 17,10 m²., no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C., de data 15 de novembro de 2018. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a quince mil seiscientos sesenta e sete euros con sesenta e catro céntimos (15.667,64 €).

Acéptase a cesión para ampliación do viario municipal nunha superficie de 21,24 m²., formalizada en escritura pública o 22 de outubro de 2019.

Expediente 4368/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4368/2018.- Conceder a M.M.O., con enderezo a efectos de notificacións X ,titular do DNI n° ***8063**, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para instalación de ascensor de servizo para o edificio n° X da rúa Rodeiriña (referencia catastral: X), no actual oco da escaleira existente, modificando esta para mellorar e garantir o acceso aos andares altos e para a reforma e ampliación do primeiro andar do número X da mesma rúa (referencia catastral X), acondicionando un espazo existente baixo cuberta, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.D.I. e o informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica de data 08.11.2018 e o do Servizo de urbanismo de data obrantes no expediente. A licenza outorgarase condicionada a presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección de obra e execución e coordinador de seguridade e saúde destas, formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e rematadas as obras deberá presentar final de obra e inicio de actividade e cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. O presuposto de execución material das obras ascende a oitenta e dous mil douscentos cincuenta euros con corenta e oito céntimos (82.250,48 €).



Concello de Cangas

Expediente 3806/2019. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar da orde do día este punto para ampliar documentación.

Expediente 5267/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5267/2018.- Outorgar a P.G.M., con enderezo en Praza de Compostela, nº X-Vigo, licenza de obra para no lugar do Igrexario, nº X-O Hío (referencia catastral X), regulado pola ordenanza de aplicación URNU (9), para a construción de unha vivenda unifamiliar e piscina, de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos R.P.C. e A.A.S., de data outubro de 2018 e planos de xuño de 2019 e ás condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 22 de maio de 2019. A licenza outorgárase condicionada a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a cento cincuenta e sete mil catrocentos noventa euros con trinta e tres céntimos (157.490,33 €).

Acéptase a fianza depositada por importe de dous mil cincuenta e oito euros (2.058,00 €), para responder das obras de urbanización en BBVA o 15.10.2019.

Expediente 3929/2019. Prórroga de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3929/2019 (EXPEDIENTE Nº 24.587.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.518).- Conceder a "TRADE FARMING 99 SL", a prórroga da licenza solicitada nº 22.387, por un período de trinta e seis meses, de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 25.10.2019, o informe da xefa do servizo de data 29.10.2019 e autorización da Deputación de Pontevedra de data 16 de setembro de 2019, obrantes no expediente.

Expediente 7277/2017. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



EXPEDIENTE Nº 7277/2017.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR FERNANDO DIEZ MOLINA E RAQUEL TERRÓN MORENO.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a F. D.M. e R.T.M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Navia, nº X-Villaviciosa de Odón-Madrid, titular dos DNI nº ***1946** e DNI nº ***2461**, para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en rúa do Hío, nº X-Cangas (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 7277/2017, tendo en conta os deseños do estado final de obra, visado o 16.07.2019, o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal, con data 31 de xullo de 2019 e o informe da xefa do servizo de data 28 de outubro de 2019.

Expediente 4924/2019. Baixa do Servizo de xantar na casa

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios deste concello, desde a xefatura do Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Dar de baixa a A.S.E., con DNI nº ***8016** e expediente nº 36008/01/003591 – 4924/2019, do Servizo de xantar na casa por renuncia expresa do interesado.

Data de efectos da baixa: 28 de outubro de 2019.

Expediente 5416/2018. Baixa do Servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Dar de baixa a A.S.V., con DNI nº ***4826** e con expediente nº 36008/01/003199 – 66452, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 8 de setembro de 2019.

Expediente 1043/2019. Baixa do Servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:



Concello de Cangas

* Dar de baixa a C.O.P., con DNI nº ***1119** e expediente nº 36008/01/000396-68108 do Servizo de axuda no fogar, por traslado da usuaria a outro Concello.

Data de efectos da baixa: 10 de outubro de 2019.

Expediente 5707/2018. Baixa do servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* Dar de baixa a J.E.S.A., con DNI nº ***6687** e expediente nº 36008/02/001541 – 19244, do Servizo de axuda no fogar, por cambio de recurso a través do SAAD.

Data de efectos da baixa: 1 de outubro de 2019.

Expediente 4178/2018. Proposta da alcaldía para recoñecemento de pago de custas xudiciais procedemento xudicial PA 256/2018

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Vista a proposta de data 29.10.2019 da alcaldía, referente ao recoñecemento de pago de custas xudiciais no procedemento xudicial PA 256/2018, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DO PROCEDIMENTO EXECUCION DE TITULOS XUDICIAIS 36/2019-LO-PROCEDIMENTO ABREVIADO 256/2018 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE M.F.P.

Vista a Dilixencia de Ordenación de data 14 de outubro de 2019 pola que se require ao Concello de Cangas para que se proceda ao pago de custas xudiciais, Execución de Títulos Xudiciais 36/2019-LO, según o decreto de data 22 de maio de 2019 no que se aproba a taxación de custas por importe de catrocentos oitenta e catro euros (484,00€), emitida polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra a instancia de M.F.P..

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por catrocentos oitenta e catro euros (484,00€) en concepto de custas procesais en base a Execución de Títulos Xudiciais 36/2019-LO, según o disposto no Decreto de data 22 de maio de 2019 do Procedemento Abreviado 258/2018, tramitado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, instruído a instancia de M.F.P.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Urbanismo,

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Intervención e Tesourería".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 5002/2019. Proposta da alcaldía sobre finalización do "Servizo de limpeza no Centro Social do Concello de Cangas" coa empresa "MULTISERGA SL"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 30.10.2019 da alcaldía, referente á finalización do "Servizo de limpeza no Centro Social do Concello de Cangas", coa empresa "Multiserga SL", que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o contrato asinado o día 10.06.2015 coa empresa 'MULTISERGA SL', con NIF nº B36944007, para a prestación do servizo de limpeza do centro sociocomunitario do Concello de Cangas, de 2 anos de duración, transcorridas as dúas prórrogas previstas no prego e polo tanto atopándonos na actualidade ante unha prestación de servizos realizada sen documento regulador desta.

Sendo vontade do órgano de contratación dar por finalizada a vinculación prestacional existente coa empresa.

De conformidade co disposto na Disposición adicional segunda da LCSP e o Decreto de delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local asinado en data 17 de xuño de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Finalizar a relación prestacional coa empresa 'MULTISERGA SL', con NIF nº B36944007, de servizo de limpeza do centro sociocomunitario de Cangas desde o día seguinte a recepción do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 4061/2019. Proposta da alcaldía para prórroga do "Servizo de catering e de persoal monitor / coidador de comedor escolar para os cursos 2019/20 - 2020/21"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 31.10.2019 da alcaldía, referente á prórroga do "Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os cursos 2019/2020 - 2020/2021", que é

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o convenio de colaboración do Concello de Cangas e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinado en data 13.06.2019, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados neste Concello, co obxecto de establecer as bases da colaboración entre ambas entidades para a xestión e organización do servizo de comedor escolar nos CEIP da Rúa, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira-Aldán e no CEIP de Nazaret, para os cursos escolares 2019/2020 e 2020/2021.

Vista a memoria xustificativa en xullo de 2019 da necesidade de contratar o servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedores escolares para os centros educativos infantil e primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos 2019/2020 e 2020/2021.

Visto o acordo adoptado por proposta de alcaldía en data 09.07.2019 de inicio do procedemento de contratación do 'Servizo de catering e de persoal monitor - coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2019/2020 e 2020/2021' mediante procedemento aberto.

Visto o informe preceptivo de secretaría elaborado polo secretario xeral, Eleuterio Pena Lamas, o 30 de outubro de 2019, no que se informa desfavorablemente a prórroga do contrato de 'Servizo de catering e de persoal monitor / coidador de comedor escolar para os cursos 2019/2020 - 2020/2021' asinado o día 27.04.2018 coa empresa 'Alimentación Saludable Gallega SL', NIF nº B27831783.

Tendo en conta a importancia do servizo contratado e a necesidade de dispor deste.

De conformidade do disposto na Disposición adicional segunda da LCSP e o Decreto de delegacións competenciais na Xunta de Goberno Local asinado en data 17 de xullo de 2019, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Prorrogar o contrato de 'Servizo de catering e de persoal monitor / coidador de comedor escolar para os cursos 2019/2020 - 2020/2021', asinado coa empresa 'Alimentación Saludable Gallega SL', con data do 27.04.2018, con NIF nº B27831783 e como máximo ata o 21 de xuño de 2020.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención, Centro Municipal de Benestar Social, apoio xurídico e ao responsable do contrato".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 533/2018. Proposta da xefa de urbanismo dando conta do informe da arquitecta do PEPRI para aprobación de finais de obras realizadas no casco vello fase 12ª



Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 30.10.2019 da xefa de urbanismo, referente ao informe da arquitecta do PEPRI para a aprobación de finais de obras realizadas no casco vello fase 12ª, que é como segue:

"Dáse traslado do informe-proposta emitido pola arquitecta municipal do PEPRI de data 21.10.2019, co fin de aprobar pola Xunta de Goberno Local os finais das obras realizadas no Casco da 12ª fase, durante o ano 2019, para remitilos á Consellería de Vivenda, tesourería e intervención, e levar a cabo a tramitación dos pagamentos das axudas:

INFORME:

Que ao abeiro da ordenanza municipal aprobada polo Concello Pleno en sesión de data 5 de abril de 2002, publicada no BOP o día 9 de setembro de 2002, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para os efectos do financiamento no marco do Rd 637/2016, de 9 de decembro, polo que se prorroga o plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas 2013-2016, regulado polo Rd 233/2013, de 5 de abril, en virtude do establecido na Disposición adicional única do Rd 637/2016 e da Orde do 23 de xuño de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e as axudas autonómicas do Programa de rexeneración e renovación urbanas do devandito plan estatal, segundo o convenio asinado o 26 de outubro de 2017 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.

Pola presente remítense os finais das obras realizadas no casco da 12ª fase, durante o ano 2019, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local para remitilos á Consellería de Vivenda e levar a cabo a tramitación dos pagamentos das axudas:

Nº	PROPIETARIO	DNI	SITUACIÓN OBRA	Subv. Ministerio	Subv. IGVS	Subv. Concello	TOTAL SUBV.
P-AR-0052/18	C.C.P.	***1482**	RÚA VALENTIN LOSADA, X	2.500,24	985,00	305,05 €	3.790,29
P-AR-0053/18	C.C.P.	***1482**	RUA VALENTIN LOSADA, X	3.000,24	1.000,00	333,74 €	4.333,98
P-AR-0054/18	C.C.P.	***1482**	RUA VALENTIN LOSADA, X	2.500,25	992,00	235,96 €	3.728,21



			TOTAL	8.000,73€	2.977,00€	874,75 €	
--	--	--	-------	-----------	-----------	----------	--

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 1942/2018. Proposta da xefa de urbanismo para corrección de erros na licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 30.10.2019 da xefa de urbanismo, referente a corrección de erros na licenza de parcelación, que é como segue:

“De conformidade co previsto no art.172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais formulo a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCION

á Xunta de Goberno Local para corrección de erros na redación do acordo da licenza de parcelación outorgada en sesión do 21.10.2019.

Detectado un erro na redación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 21.10.2019, relativo ao expediente N° 1942/2018, no que se concede licenza de parcelación no sentido en que, no punto segundo onde di ‘...a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 37,80 m2.,...’ debe dicir: ‘a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 7,80 m2. ...’

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

PROPOÑO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por J.B.H., para parcelar un predio inicial de 1.166,20 m2., (referencias catastrais X), en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta C.A.N. de data marzo de 2018 e documentación complementaria de data xullo de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 629,30 m2., sobre a que existe unha edificación de uso residencial e dúas edificacións secundarias, a parcela 2 de 529,10 m2., a parcela 3 de 7,80 m2., de cesión para ampliación do vieiro.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra das aliñacións establecidas polo planeamento. A eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión



Concello de Cangas

ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 7,80 m²., e a inscrición de dita cesión no Rexistro da Propiedade a nome do Concello de Cangas. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte decreto da alcaldía número 2019-1807, de data 29.10.2019, referente ás comunicacións previas de obras e actividades, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ten por obxecto facer efectivo un espazo interior sen fronteiras no que afecta os servizos, procedendo a eliminar aquelas barreiras que obstaculicen o desenvolvemento de tales actividades de servizos entre os Estados Membros. A Directiva establece que tales actividades só poderán quedar supeditadas á obtención dunha autorización por parte das autoridades competentes no caso de que devandito acto cumpra cos criterios de non discriminación, necesidade e proporcionalidade. Así calquera restrición ao acceso ou á prestación de servizos no ámbito municipal ha de ser considerada como unha excepción á liberdade de acceso e prestación e, por conseguinte, ha de abeirarse nos principios anteriores que han de ser aplicados a efectos de regular o réxime de intervención municipal.

Neste contexto normativo, debemos engadir que, no noso ámbito autonómico, a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, de 22 de setembro de 2016, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento, establece un réxime urbanístico no cal existen determinadas actuacións con relevancia territorial que están suxeitas como mínimo a comunicación previa, disposicións de obrigado respecto para as entidades locais desta Comunidade Autónoma.

A nivel competencial local, o decreto de 2 de xullo de 2015 delegou na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía: 'A concesión ou denegación das licenzas urbanísticas e as súas modificacións, reservándose a Alcaldía o requerimento para a subsanación de deficiencias, ordes de execución e as resolucións de caducidade ou arquivo por calquera causa'.

Resultando que dentro da citada Resolución non se contempla o réxime das comunicacións previas introducidas pola Lei do solo de Galicia 2/2016, de 10 de febreiro de 2016, como título habilitante de natureza urbanística regulándose o réxime de intervención municipal

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



destas nos artigos 360 e seguintes do Regulamento da Lei do solo 143/2016, de 22 de setembro.

Considerando a toma de coñecemento pola Xunta de Goberno Local como un trámite informativo para os membros da Corporación Municipal abeirado polo disposto no punto 8 da resolución de alcaldía citada.

Considerando a non constitución da Xunta de Goberno Local, e ata a constitución desta

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento das comunicacións previas de obras presentadas nos seguintes expedientes:

EXPEDIENTE	TITULAR	C.P
5670/2019	COMUNID. PROP. MENDEZ NUÑEZ X	Reparación acometida
5587/2019	A.M.P.S.	Construción peche lateral
5990/2019	J.M.I.	Mantemento fachadas e cuberta
5726/2019	ASRA RESTORATION S.L	Reparación local rúa baiona 1
5728/2019	A.L.P.	Reparación inter. Av Bueu 15, entre
5817/2019	F.P.P.	Reposición porta Reboredo 32
5815/2019	M.M.R.	Reforma interior. Bernardino Graña 4
5671/2019	I.R.B.	Legalización cambio material cuberta

SEGUNDO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local do Concello para efectos de que quede informado do seu contido".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES



Concello de Cangas

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850